

**DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LICITACIÓN CORRESPONDENTE Ó SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DA CIDADE DO DEPORTE DE FERROL E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN DIRECTOR (EXPDT. AVH 05004 24/17) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. CÍVIDAS:2024002387 (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024002387).** Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:

“Con data 23.02.2024, a xefa de servizo de Contratación emitiu o seguinte informe proposta sobre o asunto de referencia:

“**INFORME-PROPOSTA:**

*O concelleiro delegado de Deportes remitiu ao servizo de Contratación a solicitude de inicio do expediente de contratación do SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DA CIDADE DO DEPORTE DE FERROL E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN DIRECTOR xunto coa documentación preparatoria do expediente que foi completada en data 23.02.2024.*

*En cumprimento do establecido nos artigos 28, 99, 116 e concordantes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público por la que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), en relación á documentación integrante do expediente de contratación, constan incorporados a providencia de incoación do concelleiro delegado da área promotora de data 22.01.2024; a memoria xustificativa da necesidade do contrato na que se describe o obxecto do contrato e a súa idoneidade para os fins institucionais xunto coa xustificación da non división en lotes do seu obxecto e a insuficiencia de medios propios que motiva a súa contratación externa; a xustificación do orzamento base de licitación con desagregación de custes; o informe relativo á proposta de criterios de solvencia, criterios de adxudicación, condicións especiais de execución e demais condicións propostas, documentos todos eles asinados pola arquitecta municipal en data 22.02.2024 e polo xefe de servizo do departamento promotor en data 23.02.2024; e o Prego de Prescricións Técnicas redactado para este contrato asinado pola arquitecta municipal e o xefe de servizo de deportes en data 23.02.2024. Consta así mesmo informe técnico sobre o procedemento de adxudicación do contrato asinado pola arquitecta municipal en data 22.02.2024 e o informe de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira da mesma data.*

*Incorpóranse ao expediente os Pregos de Cláusulas Administrativas redactados para este contrato de data 23.02.2024 que xunto cos Pregos de Prescricións Técnicas de data 23.02.2024 rexerán a presente contratación.*

De acordo co indicado na memoria xustificativa do departamento promotor, o contrato ten por obxecto a redacción do Plan Director de instalacións e equipamentos da Cidade do Deporte de Ferrol e do Proxecto básico e de execución das actuacións de desenvolvemento do citado Plan que abrangue un conxunto de infraestruturas e equipamentos destinados á práctica deportiva, cunha superficie de máis de 22,21 Has, nos catro espazos principais da futura Cidade do Deporte (Ensenada da Cabana, Polideportivo de A Malata, Instalacións de Punta Arnela e Estadio Municipal de A Malata).

O obxectivo principal é dotar á cidade de Ferrol dunha Cidade do Deporte que permita ser polo de referencia para a práctica deportiva profesional e do deporte base, nos diferentes niveis e ámbitos deportivos, para o que deberán contemplarse as seguintes actuacións no eixo A Malata-FIMO-A Cabana:

- Rehabilitación e adecuación interior das edificacións existentes da Cabana para adaptalas como instalacións de remo, buceo e vela. Previsión de pantaláns e rampla de acceso. Zona de ocio asociada a ditos espazos.
- Mellora na envolvente do Pavillón da Malata incluíndo adecuacións interiores e accesos.
- Adecuación do campo de rugby e reparacións da pista de atletismo; así como a mellora das pistas de tenis.
- Remodelación de FIMO nun centro multideportivo para entrenamento, competición e práctica de actividades deportivas tanto para clubs como para deportistas federados, así como para a poboación en xeral (escolares, persoas maiores, etc): instalación dunha piscina cuberta, adecuación dos pavillóns en recintos multideportivos, dotación dunha pista cuberta para baloncesto con gradas ao público, mellora dos accesos, urbanización, etc.
- Substitución da cuberta do Estadio da Malata tendo en conta a estrutura e a cubrición; así como actuacións varias no cerramento-envolvente, e varias obras nos interiores.
- Reordenación e adecuación dos espazos deportivos e de ocio ao aire libre no entorno da Malata.

No Anexo I ao PPT enuméranse as intervencións nas catro zonas diferenciadas do eixo A Malata-FIMO-A Cabana:

Zona de actuación 1. Cidade Náutica de A Cabana.

Zona de actuación 2. Pavillón de A Malata e Pistas de Atletismo, Campo de Rugby e Pistas de Tenis.

Zona de actuación 3. Instalacións do antigo recinto feiral de FIMO en A Malata.

Zona de actuación 4. Estadio de A Malata.

O orzamento base de licitación, como límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación ascende á cantidade 450.467,14 € (21% IVE incluído), consonte o seguinte desglose:

Concepto	Orzamento base de licitación sen IVE	Importe 21% IVE	Orzamento base de licitación con IVE
Plan Director	24.819,12 €	5.212,02 €	30.031,14 €
Proxecto básico e de execución	347.467,77 €	72.968,23 €	420.436,00 €
Total	372.286,89 €	78.180,25 €	<b>450.467,14 €</b>

Establécese un prazo de execución do contrato de 6 meses dende o día seguinte á formalización do contrato. O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 372.286,89 €.

O gasto derivado da presente contratación imputarase á aplicación orzamentaria 05004 3421 60900 na que existe crédito adecuado e suficiente no presente exercicio (RC nº 224100163/GFA 23c23012).

Tendo en conta as características do contrato o procedemento a seguir para a súa adxudicación será o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios obxectivos e subxectivos de adxudicación e tramitación ordinaria, consonte o disposto nos artigos 22.1 letra c), 131, 156 a 158, 145 e 146 LCSP.

Nos termos sinalados no artigo 44 LCSP, cláusula 54 e apartado 8 do Anexo I do Prego de Cláusulas Administrativas, o presente contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación. O órgano competente para coñecer do recurso especial será o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con dirección electrónica: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>

Segundo establece o artigo 117 LCSP, unha vez completado o expediente de contratación, dictarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A competencia para a aprobación do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, en virtude do disposto na DA 2ª.4 da LCSP e no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.12.2023 (BOP nº 241 de 20.12.2023).

A aprobación do expediente irá precedida dos **informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención Municipais**, consonte o disposto na Disposición Adicional 3ª da LCSP, apartados 3 e 8.

Visto o expediente instruído e a documentación que o acompaña, unha vez emitidos os preceptivos informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención Municipais, propónse ao concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación a elevación á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente, da seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobación do expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas, ambos de data 23.02.2024, que rexerán a contratación do **SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DA CIDADE DO DEPORTE DE FERROL E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN DIRECTOR** e outorgarlle o seguinte número de expediente AVH 05004 24/17.

**SEGUNDO.-** Aprobación do gasto correspondente a dita contratación por importe de 450.467,14 € (21% IVE incluído), consonte o seguinte desglose:

ANUALIDAD	IMPORTE	APLICACIÓN PRESUPUESTARIA
2024	450.467,14 €	05004 3421 60900/GFA 23c23012

**TERCEIRO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto consonte o disposto nos artigos 156 a 158 LCSP, suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e dos documentos do expediente que conteñan a información referida no artigo 63.3 LCSP.

**CUARTO.-** Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e tramitación do oportuno expediente.

Non obstante, vostede decidirá o que considere máis axeitado”.

Visto o expediente instruído e a documentación que o acompaña, ELÉVESE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, como órgano de contratación competente, en virtude do disposto na DA 2ª.4 da LCSP e no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.12.2023 (BOP nº 241 de 20.12.2023), a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas, ambos de data 23.02.2024, que rexerán a contratación do SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DA CIDADE DO DEPORTE DE FERROL E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN DIRECTOR e outorgarlle o seguinte número de expediente AVH 05004 24/17.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe de 450.467,14 € (21% IVE incluído), consonte o seguinte desglose:

ANUALIDAD	IMPORTE	APLICACIÓN PRESUPUESTARIA
2024	450.467,14 €	05004 3421 60900/GFA 23c23012

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación mediante procedemento aberto consonte o disposto nos artigos 156 a 158 LCSP, suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e dos documentos do expediente que conteñan a información referida no artigo 63.3 LCSP.

CUARTO.- Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e tramitación do oportuno expediente”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE